

DECRETO DA ALCALDÍA 143/2009

Adxudicación definitiva C-15/09

Antecedentes

- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 26/02/2009 se aprobou o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de RAMALES SECUNDARIOS EN LA RED DE ABASTECIMIENTO DE AGUA DE PAREDES 1ª FASE integradas no investimento municipal proxectado ao abeiro do Real Decreto Lei 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego, por procedemento negociado sen publicidade e así mesmo se procedeu a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.
- Visto que con data de 23/03/2009 se constituíu a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación determinados no prego de cláusulas, realizou proposta de adxudicación a favor da empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.
- Visto que con data de 24/03/2009 a Xunta de Goberno Local resolveu adxudicar provisionalmente o contrato á mesma empresa.
- Visto que con data 26/03/2009, a adxudicación provisional foi publicada no Perfil de Contratante do órgano de contratación.
- Visto que a adxudicación provisional se notificou ao adxudicatario, requiríndolle para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.
- Visto que con data de 30/03/2009, o adxudicatario constituíu a garantía definitiva esixida e presentou os documentos xustificativos requiridos.
- Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

Segundo. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras de RAMALES SECUNDARIOS EN LA RED DE ABASTECIMIENTO DE AGUA DE PAREDES 1ª FASE en favor da empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. aprobada por Resolución da Xunta de Goberno Local de data 24/03/2009 e publicada no Perfil de Contratante o día 26/03/2009.

Terceiro. Notificar ao adxudicatario do contrato a presente Resolución e requirilo para a sinatura do contrato para o cal deberá comparecer en dependencias municipais o vindeiro mércores 8 de abril.

Cuarto. Publicar a adxudicación definitiva do contrato no Perfil de contratante do Concello de Vilaboa (e no Boletín Oficial da Provincia de superar os 100.000 €).

Quinto. Formalizado o contrato, e con carácter previo a proceder á comprobación do replanteo da obra, deberase presentar polo contratista:

- a) O Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do director facultativo das obras e a súa posterior comunicación á autoridade laboral.
- b) Documentación acreditativa da contratación e dedicación de persoal á obra, segundo se determina:

1. Declaración xurada onde conste a relación de persoal que se vai destinar á execución da obra, con especificación do persoal integrado na empresa e o persoal de novo ingreso.

Deberá figurar nesa relación nomes e apelidos de cada un dos traballadores, o seu número de documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro, modalidade de contrato de traballo que o vincula á empresa, duración do contrato de traballo e se se trata de persoal de novo ingreso especificarase en que suposto se atopaba o traballador de desemprego antes de ser contratado pola empresa adxudicatario (p. ex: finalización de contrato por obra ou servizo, despido, despido colectivo, despido do traballador por causas obxectivas, etc).

Por cada traballador deberá aportarse:

- a) copia do contrato de traballo e alta na seguridade social.
- b) informe da vida laboral do traballador.
- c) fotocopia do DNI ou documento equivalente.

2. Ademais para os traballadores de novo ingreso deberá aportarse:

a) Certificado da empresa anterior ao adxudicatario de acordo co modelo do Ministerio de Traballo e Inmigración (modelo PRAIN/01-277 A ou equivalente).

b) Declaración xurada do traballador na que manifieste que estaba en situación legal de desemprego antes de ser contratado pola empresa.....para executar a obra..... (sinalarse o nome daquela sobre a que versa a invitación)

c) Para o caso de que se contratase mediante un Servizo Público de Colocación, xustificación procedente da oficina pública en cuestión na que se precise este extremo.

Asemade deberán presentar toda a documentación requirida pola Administración Xeral do Estado para a xustificación do investimento e, en concreto, unha memoria dos postos de traballo creados con identificación dos traballadores contratados.

Sexto. Así mesmo emprázaselle para comparecer na Casa Consistorial do Concello de Vilaboa ao efecto de proceder á sinatura da acta de comprobación do replanteo e inicio de obras o vindeiro martes 14 de abril.

Vilaboa, 1 de abril de 2009

O alcalde

Jose Luis Poceiro Martínez